

VIAXE A MADRID e TOLEDO

Os departamentos de **Ciencias Sociais** e **Filosofía** animárvos a participar na viaxe a Madrid organizada con fins eminentemente culturais pero tamén lúdicos.

A nosa proposta é a que segue:



Datas: 13 (venres) a 16 (luns) de febreiro .

Vistas programadas:

- ✚ **Museo do Prado** (Co-guiada por persoal do museo e a profesora de Hª da Arte).
- ✚ **Toledo**, cidade Patrimonio da Humanidade. (guía profesional).

Interesante pola súa atractiva localización xeográfica, pola súa importancia histórica e artística e exemplo de interculturalidade, por algo é *A Cidade das Tres Culturas!*

Veremos:

- ✓ Sinagoga de **Santa María La Blanca**.
- ✓ Mesquita deseñada por Musa ibn Alí, logo cristianizada como **Cristo de la Luz**.
- ✓ Catedral?
- ✓ A casa museo de **El Greco**.



- ✚ **Museo Thyssen.** Visita guiada pola profesora de Hª da Arte.
- ✚ **Museo Raiña Sofía / Pazo Real/ Congreso/ Museo de Ciencias Naturais** (temos que escoller algunha destas opción). Guiadas polas profesoras.

Entre una cousa e outra intentaremos sacar tempo para “remar” no Retiro, ver o Pazo de Cristal, pasear polo Madrid dos Austrias, ver o templo de Debod, e atender á algunhas das propostas do noso alumnado.



Prezo:

Son **215 euros** que inclúen:

Viaxe en avión Santiago de Compostela- Madrid ida e volta ou Viaxe en tren A Coruña-Madrid (Chamartín) ida e volta. Barallamos as dúas opcións en función de prezos e horarios. Aloxamento en Albergue céntrico en réxime de pensión completa. Entradas e guías exceptuando Sinagoga e Santo Tomé.

O alumnado pode necesitar cartos para **metro**, algunha das entradas non contempladas (visitas non obrigatorias) ou imprevistos.



Terán prioridade os alumnos de Hª da Arte, alumnos de 2º de Bacharelato, en xeral, e de 1º de Bacharelato por este orden e ata chegar a 20 ou 23.

Un saúdo.

Almudena García e Ana López